

ROTEIROS POLA LINGUA

(2010-2011)



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), desde a súa delegación de Lugo, organiza un ano máis unha xeira de roteiros ou percorridos polo territorio galego na busca do achegamento da sociedade galega á realidade ambiental, paisaxística, social e cultural. Neste curso 2010-2011 os roteiros de ADEGA Lugo están dedicados ao noso idioma, principal vehículo de relación co ambiente e con todo aquilo que nos identifica como galegos e galegas.

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

É a entidade ecoloxista con máis bagaxe de Galiza, con máis de 30 anos dedicados á defensa medioambiental do país. Esta asociación sen ánimo de lucro conta cunha delegación en Lugo, que tenta combinar a súa faceta reivindicativa coa divulgativa, a educativa e de esparcemento a través do seu programa anual de ROTEIROS.



ROTEIROS POLA LINGUA

CURSO 2010-2011

ADEGA Lugo

Saudamos esta nova xeira de roteiros de Lugo para o curso 2010-2011. Estamos de novo a camiñar pola nosa terra na crenza de que só se quere o que se coñece. O Patrimonio que herdamos está na nosa paisaxe e na nosa historia; mais tamén é Patrimonio a LINGUA en que se transmite toda Cultura.

O idioma é o noso Patrimonio inmaterial máis prezado. Porque as linguas son únicas, valiosas e abertas. Nas palabras fica encerrada a historia e os anxeios dos pobos. O galego foi e será sempre o vehículo da nosa Cultura. Ao seu son fomos arrolados no berce, namoramos e camiñamos polos roteiros desta Galiza verde e fermosa. En galego cantamos e acollemos. Abrazamos e despedimos aos que van embora. En galego aprendemos a falar mil outras linguas desde que fomos emigrantes, mariñeiros ou estudantes a viaxar polo mundo.

Pero a nosa lingua está en serio perigo de ser esquecida e diluída entre a fala dominante transmitida polos medios de comunicación e pola nosa propia desidia para defendela e utilizala. Por iso este ano os nosos roteiros van ser dedicados á lingua galega. Un idioma culto, antigo e moderno que lle dá nome a todo cando podemos ver e sentir. Un Patrimonio de toda a Terra, que os habitantes da Galiza temos a obriga de preservar, cultivar e transmitir as xeracións futuras. Non só temos a Terra herdada dos nosos maiores e emprestada dos nosos fillos e fillas; senón que o idioma tamén está emprestado dos nosos descendentes. Temos unha obriga con eles.

Defendemos a biodiversidade e a xeodiversidade do Planeta como uns bens en si mesmos, porque permiten a continuidade dos ecosistemas que forman a Biosfera. Defendemos tamén a diversidade cultural e a transmisión do Patrimonio lingüístico enriquecido xeración após xeración.

*Braña, pedra, outeiro
Barcia, carballo, lameiro
Fervenza, cachón e cadoiro
Laio, xisto, penedo.
Berce, corredora, cadaleito
Soño, regueiro, leito.*



PROGRAMA DE ROTEIROS DE ADEGA LUGO 2010-2011

| DÍA | MES | TÍTULO | LUGAR | COLABORA... | COAS PALABRAS DE... |
|-----|----------|--|-------------------------------------|--|---|
| 7 | Novembro | "A fala en que máis se dixo <u>adeus</u> " | Serra do Courel | SOS Courel | Uxío Novoneyra, María Mariño... |
| 28 | Novembro | As verbas e a música das augas caídas | Val de Lóuzara (Samos) | Ergueitos | Fiz Vergara Vilariño |
| 19 | Decembro | A educación ao son da Natureza | Lugo | Colexio de Fingoi | Carvalho Calero, Isidro Novo... |
| 23 | Xaneiro | "Pola terra do Señor das palabras" | A Chaira (Outeiro de Rei, Guitiriz) | Marica Campo, Xabier Cordal e Asoc. Xermolos | Manuel María, Marica Campo, Aquilino Iglesias, Darío Xohán Cabana... |
| 20 | Febreiro | Camín d'as Eiras | Taramundi | Branca Villares, J.C. Quintana, Carlos Varela, ... | Antolín S. Mediante, Conrado Villar Loza... |
| 20 | Marzo | "Toda humilde beleza me namora..." | Mondoñedo | Ricardo Polín | Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Cunqueiro, Carlos Reigosa, Pascual Veiga, etc. |
| 17 | Abril | Modelo Burela | Burela | Concello de Burela | |
| 29 | Maio | "Feros corvos do Xallas" | Costa da Morte | Plataforma en defensa do río Xallas | Eduardo Pondal, Marilar Alexandre... |
| 26 | Xuño | "Vendo-os assim tão pertinho" | Valença-Monçao | Ponte nas Ondas | João Verde, Amador Montenegro, Castelao... |

Lugar de saída: Avenida de Ramón Ferreiro (frente a Escola de Maxisteiro), Lugo.

Hora de saída: ás 9.00 horas, agás nos roteiros de maio e xuño que será ás 8.00 horas. Prégase puntualidade e aviso previo no caso de ausencia.

Prezos: 15 € (non socios/as), 12 € (estudantes, parados, xubilados), 10€ (socios/as) e 5€ (menores de 17 anos).

Reserva de praza. Chamar ao menos con 2 días de antelación a: 982240299 ou 679113718.

*No caso de que houbera algunha modificación no programa de roteiros será comunicada oportunamente.



ADEGA
(Delegación de Lugo)
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Ronda Fontiñas, 180 Ent.
C.P. 27002 Lugo

Tfno: 982240299
Email: adegalugo@adega.info